

BASES PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

**Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia
FGCMF**

As presentes Bases reformáronse no outono de 2013, segundo acordo da Asemblea Xeral do 23 de novembro de 2.013, substituíndo as bases anteriores.



As presentes bases teñen por obxecto regular, orientar e servir de guía ás asociacións, entidades ou agrupacións de entidades que presenten candidatura para albergar unha edición do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia (EETG), tendo en conta que este evento se enmarca como a Gran Festa da Cultura e do Patrimonio Marítimo e Fluvial de Galicia e que se trata da gran cita bianual para as asociacións integrantes da FGCMF, sen esquecer o papel de dinamización cultural, social e económico que supón para a vila e comarca organizadora.

Dende as orixes o EETG ten carácter internacional e polo tanto é a oportunidade de convidarmos entidades doutros territorios coas que poder establecer vencellos culturais e de amizade.

Algúns apartados destas Bases fixan contidos mínimos ou normas de obrigado cumprimento, mentres que outros establecen criterios ou obxectivos que se perseguen. En calquera caso, e sen que estas bases limiten a capacidade de innovación e carácter propio de cada entidade e vila que estea disposta a albergar un Encontro, o proxecto axustarase ao regulado nas seguintes **BASES XERAIS**:

1º. Entidade que convoca. ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA é unha marca rexistrada propiedade da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF), co número de rexistro 2.934.424 da Oficina Española de Patentes e Marcas do Ministerio de Industria Turismo e Comercio.

En consecuencia, é a FGCMF a entidade a quen corresponde convocar a celebración do evento coa denominación “Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia” e, xa que logo, correspóndelle fixar os criterios e os contidos mínimos das candidaturas, valorar os proxectos de candidatura e adxudicar o Encontro, reservar para si mesma as actuacións que considere oportunas e pode establecer particularidades en cada Encontro, que se incorporarán ao anuncio de convocatoria.

2º. Temporalidade. O Encontro celebrarase cada dous anos. Considérase a primeira edición a do ano 1993, polo que as edicións posteriores estarán enumeradas correlativamente a esta data.

3º. Carácter itinerante. A FGCMF elixiu o carácter itinerante do EETG como sistema máis axeitado para difundir e fomentar a cultura marítima e fluvial pola costa galega, ao mesmo tempo que supón unha actividade de dinamización social e de lecer, que potencia os atractivos da comarca que acolle o Encontro. O indicado anteriormente non impide que unha edición do Encontro poida recaer nunha vila que xa realizara anteriormente outra edición.

4º. Anuncio de convocatoria. A FGCMF deberá anunciar en Asemblea Xeral, cando menos, con anterioridade ao primeiro trimestre do ano anterior á celebración do Encontro, o anuncio de convocatoria de presentación de candidaturas para albergalo. No anuncio determinaranse tamén as particularidades de cada edición.

5º. Presentación de candidaturas. A FGCMF fixará no anuncio de convocatoria do Encontro o prazo para a recepción de candidaturas, que en todo caso non deberá superar o mes de abril dese ano. A presentación das candidaturas farase por correo ordinario, electrónico ou directamente no enderezo da sede social da FGCMF.

6º. Entidades que poden presentar candidaturas para albergar o Encontro.

Poderán facelo as asociacións e entidades asociadas á FGCMF, soas ou agrupadas nun proxecto no que poderán participar outras entidades que colaboren, avalen ou financien a candidatura.

As candidaturas presentadas deberán necesariamente achegar:

- O respaldo do Concello onde se pretende organizar o Encontro, conforme o que se especifica no Anexo II destas bases.
- O respaldo da entidade (confraría, clube, asociación etc.) que xestione ou ocupe a lámina de auga onde se ubicarán as embarcacións participantes no Encontro, expresado este apoio mediante acordo da xunta directiva de dita entidade, onde reflecta o seu compromiso para realizar as xestións precisas a fin de habilitar o espazo necesario para o amarre das embarcacións participantes no Encontro.

7º. Obxectivos do Encontro. A FGCMF fixa os seguintes obxectivos:

- Divulgar, conservar e reivindicar a cultura e o patrimonio marítimo e fluvial galego.
- Salientar o traballo das entidades e asociacións galegas que traballan a prol das embarcacións tradicionais.
- Fomentar o uso social do patrimonio marítimo e fluvial e a dinamización do mesmo
- Poñer en valor o patrimonio marítimo ou fluvial do entorno do Concello que acolle o Encontro e contribuír a potenciar os seus atractivos culturais e naturais.

A estes obxectivos, a Entidade que presente a candidatura poderá engadir outros obxectivos complementarios.

8º. Participantes no Encontro. O EETG é a gran cita para todas as entidades asociadas á Federación, polo que se consideran convocadas no mesmo momento en que a Federación anuncia a adxudicación dun Encontro, sen que isto impida a comunicación de invitación posterior por parte da organización. O Encontro, atendendo ao seu carácter internacional, tamén convida a participar outras entidades ou institucións representativas da cultura marítima e fluvial doutros territorios, así como a particulares que por diversas razóns se considere oportuna a súa presenza.

As comunicacións de convites irán asinadas conxuntamente pola entidade local organizadora, pola FGCMF e polo concello organizador

9º. Contidos do proxecto de candidatura. Os proxectos que se presenten en calidade de candidatura deberán desenvolver, como mínimo, as seguintes cuestións:

A. Concepto Global: farase unha descrición resumida do concepto global do proxecto, o eixo central, os seus puntos clave, o seu grao de innovación, os puntos fortes e a conveniencia de albergar o Encontro na localidade que defende a candidatura.

B. Organización: deberá explicarse con claridade as entidades que participan no proxecto e o papel de cada unha delas.

Con carácter xeral, a participación das diferentes entidades enmárcanse nas seguintes categorías:

- Organizadores. Levan o peso organizativo xeral e a coordinación do Encontro, e pode ser significativa a súa achega económica e/ou material. Serán a entidade comarcal que lidera a candidatura, a FGCMF e o Concello que acolle o Encontro
- Patrocinadores. Destacan pola súa achega económica, ou material, sen ter apenas incidencia directa no aspecto organizativo
- Colaboradores. Son os colectivos, entidades públicas e privadas, así como particulares, que destacan pola súa colaboración en aspectos concretos e parciais da organización, ou con pequenas achegas económicas ou materiais

Nos días seguintes á adxudicación do Encontro a unha candidatura é imprescindible crear o Comité Organizador, tal como se especifica no Anexo I

C. Áreas de actuación: o proxecto deberá desenvolver as seguintes áreas de actuación que se consideran principais e de contido obrigatorio:

NAVEGACIÓN. Zona de navegación; zona de amarre das embarcacións, rampas e guindastres para poñer e retirar embarcacións no mar; apoios cos que se contará para desenvolver o plan de seguridade no mar e para facilitar os atraques das embarcacións,

LOXÍSTICA EN TERRA.

- espazos cos que contará a organización para garantir o aloxamento gratuíto das tripulacións (pavillóns ou aloxamentos, zona de acampada e outras instalacións), facendo constar quen asume a conserxería e limpeza das instalacións.
- cociña industrial para conservar e preparar as comidas das tripulacións (por ex., dun centro escolar ou residencial).
- espazo para a ubicación da carpa comedor das tripulacións e voluntariado (500-750m²);
- espazo para a ubicación dos obradoiros, e exposicións.

- espazo para aparcamento dos remolques das embarcacións; aparcamentos dos vehículos do público visitante, etc.
- puntos de información, servizos de hostalería no entorno; etc.

CULTURAIS E DE LECER. O proxecto de candidatura terá en conta que, ao ter como eixo central o patrimonio e a cultura marítima e fluvial galega, programaranse diferentes actividades de animación cultural e de lecer como exposicións, música, danza, obradoiros demostrativos e lúdicos, mostra de artesanía que debería integrar a artesanía da comarca, cinema, teatro, animación de rúa, visitas guiadas ás embarcacións e a lugares de interese no entorno onde se pretende realizar o Encontro. Valorarase no proxecto de candidatura o compromiso de entidades comarcais a participar como colaboradores no desenvolvemento de actividades como as que se veñen de indicar.

O proxecto poderá achegar tamén unha proposta de posibles OBRADOIROS e MOSTRAS DE ARTESANÍA, aínda que ambas actividades, xunto coas XORNADAS TÉCNICAS, serán programadas e decididas logo no seo do Comité Organizador

VOLUNTARIADO. O Encontro é posible en gran medida mercé ao voluntariado:

- ao que se dedica á conservación e difusión do patrimonio marítimo en xeral e das embarcacións tradicionais en particular e que acoden ao Encontro polos seus medios e de xeito desinteresado. Este voluntariado será convocado pola FGCMF
- ao que traballa na organización e na planificación do Encontro. Formado principalmente por membros das entidades organizadoras.
- ao da comarca onde se organiza o Encontro e que colabora na atención ás embarcacións e tripulantes (especialmente na atención da carpa comedor dos participantes no Encontro), atención a visitantes, así como na dinamización cultural e de lecer, obradoiros e mostra de artesanía. Este voluntariado estará formado principalmente por persoas do concello organizador e da comarca. Como se indicou no apartado anterior, valorarase positivamente a presentación dunha listaxe de colectivos e persoas que se comprometan como voluntarios.

COMUNICACIÓN. Valorarase positivamente que a candidatura presente, mesmo que sexa un bosquejo, algún logotipo ou imaxe que facilite a información acerca do Encontro desde o momento da adxudicación.

Esa imaxe, que ha de ser adecuada para calquera tipo de soporte, deberá plasmar a filosofía e os obxectivos xerais do Encontro (consonte o exposto no punto 7º destas Bases), ao tempo que pode incluír imaxes ou elementos icónicos representativos da vila ou comarca correspondente

D. Orzamento e Finanzamento: Reflectiranse a achega aprobada polo Concello, así como as colaboracións económicas ou materiais (por exemplo de alimentación) de empresas ou entidades patrocinadoras e colaboradoras, así como aquelas outras que se consideren potenciais fontes de financiamento.

O orzamento e financiamento definitivo do Encontro estableceráos o Comité Organizador.

10º. Presenza da FGCMF: a Federación como entidade convocante do Encontro estará presente nas seguintes actuacións:

- Navegación: convoca a todas as entidades asociadas á FGCMF para asistiren aos Encontros.
- Exposición Patrimonio Marítimo e Fluvial: a organización do Encontro debe garantirlle á FGCMF un espazo, sen custo ningún, para albergar unha exposición sobre calquera aspecto relacionado co patrimonio marítimo e fluvial de Galicia.
- Publicación: A FGCMF, con motivo da celebración do Encontro, editará, sempre que sexa posible, unha revista conmemorativa do evento para o cal a organización deberá facilitar os medios para a súa presentación e difusión. Os gastos de edición desta revista estarán integrados no orzamento xeral do Encontro.
- Comité Organizador: A FGCMF co obxecto de velar polo cumprimento das Bases, achegará a súa experiencia en anteriores edicións do EETG e coordinará as súas actuacións coas das diferentes entidades organizadoras do Encontro na busca dunha necesaria actuación única e formará parte do Comité Organizador.
- A FGCMF elaborará a documentación xeral de presentación do Encontro para os potenciais patrocinadores, públicos e privados.
- Publicidade e comunicación: a FGCMF deberá formar parte de calquera rolda de prensa relacionada co Encontro, independentemente de quen a organice.
- O nome e o anagrama da FGCMF, xunto co do resto de entidades organizadoras, estará presente en todas as publicacións ou material de propaganda e publicidade que se edite: camisolas, carteis, folletos, vallas publicitarias etc., así como nos comunicados aos medios de comunicación que se realicen co gallo do Encontro.

11º. Criterios de valoración: os proxectos presentados en prazo avaliaranse de acordo cos seguintes criterios:

1. Concepción global do Encontro
2. Garantía na organización

3. Grao de innovación do proxecto
4. Implicación dos colectivos, asociacións e entidades da comarca.
5. Calidade do plantexamento loxístico
6. Apoios económicos ou materiais

12º. Adxudicación: a Xunta Directiva da FGCMF é a encargada de estudar e valorar os proxectos de candidatura presentados. A adxudicación de cada edición do EETG será decisión da Asemblea Xeral, previa información da Xunta Directiva, e entenderase ademais, como un primeiro anuncio de convocatoria para todas as entidades integrantes da FGCMF.

13º. Anulación: No caso de forza maior a Xunta Directiva da FGCMF poderá proporlle á súa Asemblea a anulación do Encontro.

No caso de que a Xunta Directiva da FGCMF considere que os criterios seguidos polo Comité Organizador comprometen a viabilidade, ou vaian contra do espírito que anima a convocatoria do Encontro, someterá á súa Asemblea a decisión de anulación do Encontro.

14. Lingua. A lingua galega, consonte o carácter patrimonial do evento, será o idioma de uso habitual e preferente en todas as manifestacións orais e escritas do EETG. Dado o carácter internacional do evento e a participación de entidades e tripulacións provintes doutros territorios e culturas, procurarase puntualmente o uso doutros idiomas, a fin de facilitar a participación e acollida deses participantes.

Anexo I: COMITÉ ORGANIZADOR

Tendo como referencia o establecido nas Bases para a Presentación de Candidaturas ao EETG, o Comité Organizador é o único órgano de decisión sobre o desenvolvemento do Encontro.

Unha vez adxudicada, por parte da Asemblea da FGCMF, a realización do Encontro a unha candidatura, o primeiro e inmediato paso será a constitución do Comité Organizador.

1.- Composición do Comité Organizador

Forman parte do Comité Organizador a FGCMF, as entidades ou asociacións que presentaron a candidatura, o Concello onde se organice o Encontro, a entidade que xestiona a lámina de auga onde amarrarán as embarcacións participantes, outras entidades con peso na organización xeral do evento e outras asociacións colaboradoras ou particulares que a FGCMF ou as entidades que presentaron a candidatura consideren de interese para a organización do Encontro.

2.- Organigrama

A presidencia do Comité Organizador correspóndelle á entidade comarcal que lidera a candidatura.

As Vicepresidencias correspóndelles á FGCMF e ao Concello.

O resto dos cargos (secretario, tesoureiro e vogais) elixiranse entre o Comité Organizador.

3.- Funcións

- Desenvolver as áreas indicadas no Anexo III, así como calquera outra que se considere precisa para o mellor resultado da realización do Encontro:
- Designar equipo de traballo e responsable para cada unha desas áreas.
- Establecer o Plan de Traballo e cronograma
- Establecer, en coordinación co Concello, o Plan de Evacuación e coordinación cos equipos de seguridade.
- Solicitar tódolos permisos e autorizacións: Concello, Portos de Galicia (lámina de auga e ocupación do espazo en terra), Autoridade Marítima, Autoridade Portuaria, propietarios das instalacións a empregar e necesarias para a loxística, outros.
- Establecer os gastos equilibrándoos cos ingresos, que se considera tarefa prioritaria do Comité Organizador.

4ª.-Tódalas decisións sobre o desenvolvemento do Encontro teñen que ser acordadas nas reunións do Comité Organizador, que previamente serán convocadas polo secretario do mesmo a instancia do presidente, da maioría dos seus membros ou acordada na anterior reunión.

O Comité Organizador non admitirá ningún gasto ou actuación realizada por algún/s dos seus membros á marxe das reunións oficiais do citado Comité.

ANEXO II. PARTICIPACIÓN DO CONCELLO.

As candidaturas han achegar documentalmente o respaldo do Concello onde se pretenda albergar o EETG. O documento municipal incluirá:

- O acordo unánime do Pleno da Corporación comprometendo a colaboración do Concello co EETG.
- A aceptación destas Bases e do carácter e obxectivos do EETG.
- A integración do Goberno Municipal no Comité Organizador facéndose cargo de unha vicepresidencia.
- A aportación dunha achega económica mínima, que ha figurar no orzamento municipal, e o compromiso de colaborar activamente co Comité Organizador na procura de axudas e subvencións doutras administracións, entidades ou empresas.
- O compromiso de poñer ao servizo do EETG elementos de loxística e dotacionais necesarios para o desenvolvemento das distintas actividades, como espazos e edificios públicos, puntos de información etc. Neste sentido, será imprescindible ofertar aloxamento gratuito (pavillón municipal, zona de acampada e estacionamento) para as tripulacións, facéndose cargo da súa atención, hixiene e vixilancia.
- O compromiso, tamén, de adicar persoal municipal, sobre todo de administración, obras e policía, ao servizo das necesidades do EETG.

ANEXO III. FUNCIONS COMITÉ ORGANIZADOR

COMISIÓN EXECUTIVA

PRESIDENTE:
VICEPRESIDENTE:
VICEPRESIDENTE:
SECRETARIO:
TESOREIRO:
VOGAIS

1-ACTIVIDADES MARÍTIMAS

- Loxística de amarres e fondeadoiros
- Navegacións
- Embarcacións de apoio no mar
- Plan de Seguridade Marítima

RESPONSABLES:

2-LOXÍSTICA EN TERRA

- Aloxamento e manutención
- Aparcamentos para remolques e vehículos
- Centro de información e administración
- Sinalética e megafonía
- Espazos para carpas

RESPONSABLES:

3-ACTIVIDADES CULTURAIS

- Actuacións musicais
- Teatro nas rúas
- Exposicións
- Visitas guiadas

RESPONSABLES

4-ACT.TÉCNICO-CIENTÍFICAS

- Xornadas técnicas

RESPONSABLES:

5-OBRA DOIROS

- Demostrativos
- Didácticos
- Lúdicos

RESPONSABLES

6-VOLUNTARIADO

RESPONSABLES:

7-PROTOCOLOCO E COMUNICAC.

RESPONSABLES:

8-XESTIÓN ECONÓMICA

RESPONSABLES: